

Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno para o martes, 5 de setembro de 2023, ás 10.00 horas.

De conformidade co acordado polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión extraordinaria de organización do 3 de agosto de 2023, durante o mandato 2023-2027 a Xunta de Goberno deberá realizar sesión ordinaria cunha periodicidade semanal.

Polo exposto, **DISPOÑO:**

Convocar a sesión **ordinaria** da Xunta de Goberno :

DÍA: 5 de setembro de 2023
HORA: 10:00 horas en primeira convocatoria*
LUGAR: Sala de Xuntas do Pazo Provincial

* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario, segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente unha (1) hora despois.

A orde do día da sesión será a seguinte:

1. 2023/26H/XGL PRESIDENCIA

Aprobación da acta da sesión anterior, ordinaria, do día 29 de agosto de 2023.

2. 2023/6272K PRESIDENCIA

Resolución do concurso para a concesión de subvencións a concellos para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2023.

3. 2023/6287J PRESIDENCIA

Resolución concurso para a concesión de subvencións a entidades sen ánimo de lucro para a organización de actividades culturais e recreativas correspondentes ao exercicio 2023.

4. 2023/1139V PRESIDENCIA

Subvención a favor da Fundación Insua dos Poetas para gastos da organización da Festa da Palabra, correspondente ao ano 2023.

5. 2023/1114S PRESIDENCIA

Subvención a favor de SARABELA Teatro, SL, para FITO e MITEU, correspondentes ao ano 2023.

6. 2023/13186B PRESIDENCIA

Subvención a favor da Federación Gallega de Baloncesto para Copa Baloncesto 2023.

7. 2023/4071M PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Lobios para a execución da obra “gradas do campo de fútbol”.

8. 2023/8994Y PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Padrenda para contratación dun chofer para a desbrozadora.

9. 2023/8996P PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Padrenda para traballos medioambientais (limpezas, mantementos camiños, desbroces, etc.).

10. 2023/1090Z PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello do Pereiro de Aguiar para adquisición de terreos Parque Acuático, correspondente ao exercicio 2023.

11. 2023/8984L PRESIDENCIA

Subvención a favor do Concello de Porqueira para gastos de funcionamento, correspondentes ao exercicio 2023.

12. ASUNTOS DE URXENCIA.

13. COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

14. ROGOS E PREGUNTAS.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente, en Ourense, na data que consta na sinatura electrónica desde documento. Dou fe.